

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

*ANUNCIO do 29 de novembro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se acorda someter ao procedemento de información pública o proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.*

De conformidade co artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, e para promover unha participación real e efectiva do público na elaboración, modificación e revisión dos plans, programas e disposicións de carácter xeral relacionados co ambiente a que se refiren os artigos 17 e 18 desta lei, as administracións públicas, ao estableceren ou tramitaren os procedementos que resulten de aplicación, velarán para que se informe o público, mediante avisos ou outros medios apropiados, como os electrónicos cando se dispoña deles, sobre calquera proposta de plans, programas ou disposicións de carácter xeral.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior e co fin de asegurar que se observen as garantías en materia de participación na elaboración de disposicións de carácter xeral, unha vez iniciada a tramitación do proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés,

**ACORDO:**

Primeiro. Someter á información pública, por un prazo de quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, o proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.



Segundo. Durante o citado prazo poderase consultar o texto do proxecto de decreto no seguinte enlace do portal de transparencia da Xunta de Galicia:

<http://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions>

Terceiro. As persoas interesadas poden enviar as súas alegacións:

- Preferentemente, mediante correo electrónico ao seguinte enderezo:

[parques.naturais@xunta.gal](mailto:parques.naturais@xunta.gal)

- Alternativamente, mediante a presentación de escrito dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén se poden remitir suxestións a través do formulario disposto para este fin no enlace do portal de transparencia da Xunta de Galicia indicado no punto segundo deste anuncio.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Carmen Bouso Montero  
Secretaria xeral técnica da Consellería de  
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

